

MUSICA

"Expreso Estrella" xa está no mercado

César del Caño estrea novo disco

Hai uns anos dediqueille den-
de este mesmo xornal o tempo
dunha laranxa. Ben pouca cousa
nunha ocasión tan sinalada. Mi-
nutos descontados, en vez das
grandes palabras que axustician
os instantes; apenas un recado,
quizás unha vaidade por quedarme
a soas coa súa voz na inmen-
sidade dun segundo case per-
fecto.

Hoxe, por segunda vez, unha
especial circunstancia trae o nome
de César del Caño a estas
paxinas: a presentación de "Ex-
preso Estrella",arelado estreo
discográfico. Acertada invitación
no breve espedito dun andén, on-
de é preciso ser atento coa nos-
talgia.

Por segunda vez, tan escollida
ocasión, fai que este sexa un día
repleto de minutos descontados
e de innúmeros tempos de la-
ranxa.

Músico ourensán

Nado en Castrelo de Miño (Ourense) no ano 1958, César del Caño inicia a súa carreira artística ós doce anos, cantando en grupos de pop-rock e folclórico tradicionais. Os 19 anos entra en contacto coa música coral, primeiro no Orfeón Unión Orensana e, trala súa marcha a Barcelona, no coro do "Gran Teatre del Liceu" así como no "Orfeón Catalá" e no coro de cámara "Música Ficta".

Paralelamente, campón, arranxa e interpreta os seus propios



César del Caño presentou o disco na Universidade de Barcelona.

temas, incluíndo textos doutros poetas, composicións instrumentais e temas "a capella". Leva realizadas numerosas actuacións en varias capitais, cunha agrupación que fluctúa entre os oito e os dez músicos.

Na actualidade, Del Caño estu-
dia solfeo, harmonía e piano no
Taller de Músicos de Barcelona e
técnica vocal con Francisco
Kraus.

Actividade coral

Dirixe o coro da "Hirmandade A Nosa Galiza" de Mollet del Vallés, o "Coro Universitario Galego" de Barcelona e o coro de música tradicional catalana "El

Clavell". César del Caño tamén forma parte do octeto de jazz vocal denominado "A Capella".

A presentación de "Expreso Estrella", tivo lugar o pasado día 13 na Universidade de Barcelona, dentro dos actos conmemorativos das Letras Galegas. A aparición deste traballo discográfico consolida unha etapa intensa e fructífera que ten por orixe a exquisita sensibilidade dun artista excepcional, de fonda esencia galega.

Cun orgullo entusiasmado, os que o coñecemos ben pomos nesta estrea a imprescindible le-
dicia de Víctor e –coma sempre– un treito de orballo onde empeza o Ribeiro.